









Proxecto Bolboreta

Andrea Maceiras

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *Proxecto Bobloreta*
Autora: Andrea Maceiras
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 120
ISBN: 978-84-9782-824-6



A AUTORA

ANDREA MACEIRAS LAFUENTE (A Coruña, 1987)

Estudiante de Filoloxía Hispánica na Universidade da Coruña.


Escribe narración e poesía.

2

Ata a actualidade ten acadado o 1º Premio do Certame literario de poesía e narración breve do concello de Cambre nos anos 2002, 2005 e 2006 na modalidade de relato curto e no ano 2007 na modalidade de poesía. Foi finalista do Certame de relatos curtos *Os Viadutos* no ano 2006 co relato «A falacia».

Con este libro obtén o Premio Certame de Micronovela Concello de Soutomaior 2007.





O LIBRO

Acadou o Premio Certame de Micronovela Concello de Soutomaior no 2007.

A novela narra o experimento levado a cabo por Hadrián Barcés, un científico creativo, disposto a demostrar o efecto bolboreta. Este consiste en que un bater das ás dunha bolboreta nun lugar do mundo provoca unha treboada do outro lado do planeta. É dicir, todo está interrelacionado.

A viaxe lévao desde Pequín a Nova York, primeiro só e logo en compañía dunha moza que comeza sendo espía e remata como compañeira e aliada.

Comeza a obra cun prólogo, no que se recolle o discurso de Hadrián ao recibir o premio Nobel. A continuación aparece o diario do proxecto bolboreta numerado ao longo dun ano. Remata co epílogo no que se recolle a continuación do discurso de Hadrián. Xustapoiéndose ao diario aparecen unha serie de historias de personaxes diferentes que exemplifican a influencia do efecto bolboreta na vida cotiá achegando o contrapunto á linguaxe científica do experimento.



TEMAS E VALORES

- *A ciencia e todo o relacionado con ela:* os experimentos, os patrocinadores, a metodoloxía investigadora...
- *Todo está interrelacionado,* de forma que calquera actuación sobre o planeta nun lugar determinado ten consecuencias en todos os demais. Nada nos é alleo e todo nos incumbe.
- *Unha cadea de coincidencias,* un encadeado que vai unindo uns personaxes a outros, porque tamén o aire se mestura e se estende, móvese da terra ao aire e, de novo, ao mar...
- *O amor.*
- *A competencia científica.* A espionaxe.
- *As bolsas de estudos.* As subvencións para a realización de experimentos.
- *A necesidade de que a ciencia camiña da man da fantasía.* A necesidade de aplicar o pensamento diverxente á ciencia.



ACTIVIDADES

A proposta de actividades que segue xorde das múltiples opcións de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas, de maneira que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis adecuadas para o seu alumnado ou a dinámica do grupo, tendo en conta os intereses que o guían; ou creará as súas propias, baseándose nas que a continuación se deseñan.

De calquera maneira, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade en torno a esta lectura ha de ser, en todo caso, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal: ler e gozar da obra.

ANTES DA LECTURA:

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Con esta fin, observaremos as capas e imaxinaremos o que podemos atopar nel. Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento da obra. Deixamos que agromen os coñecementos previos acerca deste tema, falamos doutros libros que traten temas parellos.
- Identificamos a autora e comentamos o que saibamos acerca dela. Para elaborarmos esta actividade podemos axudarnos coa lectura do epígrafe que leva por título «A autora».
- Realizamos unha busca na rede por se atopamos algo diferente co que completar esa bibliografía.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron.
- Comentamos as expectativas que temos acerca deste libro.
- Imaxinamos unha historia con este título.

AO LONGO DA LECTURA:

- Lemos as citas coas que comeza o libro e tentamos explicalas. Podemos buscar datos sobre os autores dalgunha delas.
- Comeza a obra falando da unión de ciencia e fantasía e este semella ser un dos eixes centrais do texto. Que consideras que aporta unha á outra? Poden considerarse imprescindibles? Hadrián defínese a si mesmo como matemático e soñador, resúltache estraño ou totalmente normal esa mestura?
- Afirma Hadrián que a vida sempre abarca máis alá do científico. Argumentemos o noso acordo ou desacordo con estas declaracións.
- Busquemos o léxico propio dunha obra como esta, relacionada coa ciencia, os experimentos, o clima ou as variacións atmosféricas.
- Indaguemos acerca de como se pode predicir o clima, como o fan os vellos campesiños e os meteorólogos.
- Identifiquemos o narrador ou narradores da historia.

- Busquemos información acerca da teoría do caos.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos interesaron máis, para podermos compartilos máis tarde cos compañeiros.
- Localizamos os lugares que se citan na novela e situámoslos nun mapa.
- Situamos o relato e o que nel sucede no tempo histórico.
- Investigamos acerca do efecto bolboreta.
- Contestamos ás seguintes preguntas:
 - Que é unha quimera?
 - Que é a Base Experimental e onde se atopa?
 - Viaxarías con 7 paquetes de caramelos brandos de limón?
 - Con que reduce Hadrián a ansiedade?
 - Que é o CINICO?
 - Que é a Seta? E a Serea?
 - Quen é Segundo Anaximandro e cal é o seu papel neste experimento?
 - Que outras lecturas teñen os elementos citados nas preguntas anteriores?
- Un pseudo experimento, unha linguaxe pseudo científica, un xogar a facer ciencia utilizando as maneiras pero introducindo un certo sentido do humor que se vai rindo de todo ou case todo, cal é a túa opinión conforme avanzas na lectura?
- Afirmo Hadrián que percorrerá «o mundo dun xeito en que poucos homes o fixeron, pois vou moverme a prol dunha idea intanxíbel». Estamos de acordo? Como se pode seguir un refacho de aire? É unha idea intanxible a demostración dunha teoría?
- Por veces, a realidade é aínda máis fantástica que a ficción. Esta podería ser unha delas?
- Os problemas coas subvencións que non acaban de chegar semellan sacados da realidade. Preguntemos ao respecto. Incluso poden lembrarnos aquel relato de García Márquez *O coronel non ten quen lle escriba*.
- Hadrián remata as anotación do 4 de abril cunha anotación titulada «Dificultade do día». Este pode ser un punto interesante para un diario curto. Dous títulos, o citado e outro que sexa «Logro do día».
- Seméllache que son necesarios os 36 cadernos en branco, para a realización do diario e anotacións? Cres que debe levalos desde o comezo da viaxe? Será que non hai cadernos en branco polo mundo adiante? Tampouco se atoparán bolígrafos negros? Será imprescindible escribir nesa cor? Ten sentido levar na equipaxe os selos para o franqueo de correos? Non son diferentes os de cada país? Que cres que significa todo isto?
- De cara a poder realizar unha boa descrición, imos tomando nota das características dos personaxes.
- Conforme investiga, Hadrián, vai comunicando os seus achados ás sociedades que poidan estar interesadas. Recollemos algún destes casos.
- Atopamos algún refrán no texto?
- «Síntome coma unha raíz cadrada a punto de ser resolta» semella o principio dun poema. Proba a poñer en versos ese texto da páxina 19. A partir de aí podes continuar completándoo.
- Podemos buscar poemas relacionados coas matemáticas.
- Localicemos recursos literarios.
- Busquemos o léxico propio da investigación que aparece no texto.
- A investigación de Hadrián semella pueril, e posiblemente haxa moitas que así nolo parezan. Preguntade polas teses de doutoramento, entrade nas páxinas das universidades e

indagade os títulos das que se están a realizar ou xa están rematadas. Os temores de Hadrián respecto a que outros poidan adiantárselle na investigación, copiar os seus avances científicos... son continuos. Observámoslos!


- «Un home de maletín / soñador incorrixíbel», semella unha contradición, non obstante sabemos que non é así, que el é metade matemático metade soñador, un científico que apela á fantasía. Falemos acerca disto tentando buscar todos os ángulos de visión, abríndonos a todas as posibilidades.
- «Co destino incerto dos encontros imprevistos» pode ser o título dun relato.
- Comentamos estes relatos, observamos se teñen ou non relación co tema principal, se se continúan ou non...
- Buscar elementos humorísticos ao longo do texto.
- Poñámoslle título aos relatos que se van intercalando co diario.
- O neno Jackes decide cumprir a súa misión no mundo, que é facer o ben. No parque pono en práctica e axuda, colabora, bota unha man... ata que atopa a Pierre e «pensou en avisalo de que a cara podería quedarlle así se pasaba moito tempo con esa expresión» de maldade. Este neno semella ter moito que ensinar. Opinemos respecto ao que el percibe.
- A refolada convértese en corrente mariña cando están chegando a Europa. De Seta a Serea. Comentemos este feito.
- A competencia semella estar detrás dos misteriosos comentarios de Hadrián.
- Hadrián establece unha relación de amizade coa refolada, personifícaa, como demostra no texto «Para amosarme a realidade do seu poder secou a roupa de milleiros de casas na India».
- Desde Italia xa non viaxa só Hadrián, Martina acompañaos. Explicamos quen é ela.
- Imaxinámonos perseguindo unha refolada de aire, facéndoo a pé, en bicicleta, en autobús, avión, barco... Contémolo en poesía ou por medio dunha pequena obra de teatro.
- O comezo dunha das anotacións «Elevación dunha das sorpresas ao cubo» pode incitar-nos a xogar coas operacións matemáticas. A raíz cadrada da desesperación, a incógnita da dor, a multiplicación da vida, a ledicia elevada ao cubo...
- Realicemos un debate en torno aos descubrimentos científicos.

6

DESPOIS DA LECTURA:

- Busquemos outros proverbios chineses como o que se refire ao efecto bolboreta.
- Escribimos unha dedicatoria para este libro.
- Comentamos a interconexión entre os países, as xentes, as situacións... ao longo e ancho do mundo; a maneira na que a subida do petróleo inflúe na vida das persoas ou o fai unha tormenta pola que se perde a colleita e suben os prezos...
- Da mesma maneira todo o que facemos ten consecuencias, para nós e para os demais. Podemos observalo na expansión de determinadas enfermidades que aparecen nun lugar e posteriormente as atopamos nas antípodas, e noutros casos dos que teñamos noticia.
- Escribimos as historias que se van entrecruzando con esta: a moza chinesa que racha unha carta con bágoas nos ollos e o aire esparexe os anacos, a prestixiosa avogada de Sidney que se enfada cando a refolada lle ergue a saia, a refolada alborotándolle o cabelo a un neno exipcio, abanicando a un escritor acalorado que non sabía como continuar a súa historia...

- Resumimos o argumento desta historia. Observamos cal sería a trama principal e cales as secundarias.
- Como turistas dun programa de televisión, como os autores dunha guía de viaxes... elaboramos un documento no que mostrar os diferentes países polos que transcorre a viaxe de Hadrián e o que caracteriza a cada un deles.
- Realizamos unha posta en común para comentar a nosa opinión sobre o texto.
- Podemos escribirlle unha carta á autora comentándolle a nosa opinión sobre este libro e suxeríndolle outros temas que podería tratar.
- Identificar os valores que defende a autora.
- Realizamos un cómic baseado na novela.
- Co estilo desta obra podemos animarnos a relatar un experimento científico. Tamén podemos escribir a historia dese experimento na vida normal fóra dos ámbitos de investigación.
- Realizamos un debate acerca da ciencia, dos seus avances, de aquilo que nos chama máis a atención, dos experimentos nos que nos gustaría colaborar...
- En lugar de escribir un diario, o científico podía ter escrito cartas aos seu equipo na Base Experimental. Probemos a redactar algunha.
- Expliquemos diferentes teorías científicas.
- Relacionamos a novela con algunha película.
- Lemos outros libros relacionados con estes temas.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Maraión, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 1573-2008